



Decreto de Alcaldía

Expediente nº: 1262/2018

Procedemento: PROCESO DE SELECCIÓN DE PERSOAL AO ABEIRO DO PROGRAMA DEPUEMPREGO INCLUÍDO NO PLAN PROVINCIAL ÚNICO DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS 2017: 2 SOCORRISTAS.-

DECRETO DE ALCALDÍA

Vistas as Bases reguladoras do Plan Provincial Único de cooperación cos Concellos 2017 aprobadas polo Pleno da Deputación Provincial de Lugo o 28/03/2017 e, en concreto, o Programa Depuemprego incardinado dentro de dito Plan como liña de axuda para a contratación de persoal para a execución de obras e servizos mínimos obrigatorios de competencia municipal, de interese xeral e social.

Vista a memoria descritiva das necesidades de contratación de persoal para satisfacer certos servizos no Concello de Burela que consta no expediente de data 28/04/2017, na que se contempla a contratación de 2 socorristas a tempo completo para desenvolver actividades de socorrismo e salvamento acuático, vixilancia e ordenación das zonas de baño e praias en conxunto na tempada de verán.

Visto o informe número 2018-0194 emitido pola Intervención Municipal en data 31 de maio de 2018 que obra no expediente.

Pola Alcaldía deste Concello, considerando que a competencia para a aprobación das bases das probas para a selección de persoal e para os concursos de provisión de postos de traballo corresponde ao Alcalde-Presidente da Corporación, por aplicación do artigo 21.1 g), da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, por medio da presente e de conformidade coa citada resolución, **RESOLVO:**

PRIMEIRO.-Aprobar a convocatoria e as bases que rexerán a selección como persoal laboral non permanente de 2 socorristas ao abeiro do Programa Depuemprego incardinado dentro do Plan Provincial Único de cooperación cos Concellos 2017.

SEGUNDO.- Remitir anuncio de convocatoria á Deputación Provincial para a debida publicidade na súa paxina web de conformidade co establecido nas Bases reguladoras do Plan Provincial Único de cooperación cos Concellos 2017.

TERCEIRO.- Dirixirse ó Servizo Público de Emprego de Galicia para que remita a este Concello unha relación de persoas desempregadas para a realización do servizo denominado "Salvamento e Socorrismo en Praias.

"BASES PARA A CONTRATACIÓN COMO PERSOAL LABORAL NON PERMANENTE DE DOUS/DÚAS SOCORRISTAS AO ABEIRO PROGRAMA DEPUEMPREGO INCLUÍDO NO PLAN PROVINCIAL ÚNICO DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS 2017/2018.-"

Concello de Burela

Rúa Eijo Garay, 20, Burela. 27880 (Lugo). Tfno. 982586000. Fax: 982585945



1ª.- OBXECTO DA CONVOCATORIA

Constitúe o obxecto das presentes bases a regulación do procedemento de selección que se levará a cabo para a contratación de persoal ao abeiro do "Programa Depuemprego" incluído no Plan Provincial Único de cooperación cos Concellos 2017:

Nº de prazas	Ocupación	Grupo de cotización
2	SOCORRISTA	5

Funcións específicas:

-Ademais das actividades de socorrismo e salvamento acuático, vixilancia e ordenación das zonas de baño e praias en conxunto, atención a usuarios e prestación sanitaria de primeiros auxilios, diariamente o socorrista responsabilizarase de colocar ao inicio da xornada e retirar ao seu remate as bandeiras, carteis e cantos elementos se utilicen ao servizo da vixilancia, salvamento e socorrismo, incluíndo aquelas bandeiras de carácter medio ambiental que a criterio municipal deban colocarse.

-Cumprimentar o parte de incidencias diario.

-Tamén será norma de obrigado cumprimento colaborar en todas aquelas campañas que o Concello organice con respecto ás praias e o seu entorno, como poden ser medio ambientais, de seguridade e hixiene,etc.

- Calquera outra relacionada co posto que lle encomende o seu superior xerárquico

Todo isto conforme o disposto na Lei 30/1984, do 2 de agosto, de Medidas para a Reforma da Función Pública, na Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, na Lei 2/2015 de emprego público de Galicia, e demais normas concordantes de aplicación.

As bases íntegras estarán a disposición dos /das interesados no Rexistro Xeral do Concello; así mesmo remitiranse á Deputación Provincial para a súa publicación na páxina web institucional.

2ª.- DURACIÓN E TIPO DE CONTRATO

A natureza dos contratos será laboral temporal na modalidade de contrato de duración determinada por obra ou servizo a tempo completo e a súa duración será de 2 meses a contar dende a súa sinatura.

Os/as aspirantes seleccionados/as e contratados/as percibirán as retribucións establecidas no Convenio colectivo aplicable ao persoal laboral do Concello de Burela co seguinte desglose bruto mensual: salario grupo C2 611,31 €; complemento de destino (nivel 16) 356,97 €; complemento específico: 123,91 €; prorrata de paga extra: 180,89 €.

3ª.- INICIO DO PROCESO.



O proceso iniciárase coa tramitación de oferta de emprego ante o Servizo Público de Emprego de Galicia.

A oficina de emprego comunicará aos candidatos/as o resultado da preselección debendo presentarse no Concello para recoller as bases de selección. A data de presentación na citada entidade determina o inicio do prazo de presentación de instancias segundo se prevé na base 5ª das presentes.

4ª.- REQUISITOS DE ADMISIÓN DE ASPIRANTES.

As persoas interesadas en tomar parte nesta contratación, deberán reunir os seguintes requisitos:

a) Ter nacionalidade española ou ter nacionalidade doutro Estado co alcance que se sinala no artigo 57 do texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro.

b) Ter cumpridos 16 anos de idade e non exceder de 65 anos.

c) Estar en posesión, como mínimo, do título de graduado en educación secundaria obrigatoria, graduado en educación secundaria, graduado escolar, técnico auxiliar ou bacharelato elemental (plan 1957) ou en condicións de obtelo na data en que remate o prazo de presentación de instancias.

d) Estar inscrito no Rexistro Profesional de Socorristas Acuáticos da Comunidade Autónoma de Galicia (sección: espazos acuáticos naturais), de conformidade co Decreto 104/2012, de 16 de marzo, polo que se fixa a formación mínima dos socorristas acuáticos e se crea e regula o Rexistro Profesional de Socorristas Acuáticos de Galicia (DOG núm. 67 de 09/04/2012) modificado polo Decreto 35/2017, do 30 de marzo (DOG núm. 69 de 7/04/2017).

e) Acreditar a capacidade funcional para o desempeño das funcións propias do posto. En consecuencia non padecer enfermidade ou defecto físico que impida o desenvolvemento das funcións do cargo.

f) Non ter sido separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de calquera a das Administracións Públicas, ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso a corpos ou escalas de persoal funcionario, ou para exercer funcións similares as que desempeñaban no caso de persoal laboral, no que fora separado ou inhabilitado.

No caso de ser nacional doutro Estado, non encontrarse inhabilitado ou situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.

g) Non atoparse incurso/a en ningunha das causas de incapacidade e incompatibilidade que determine a lexislación vixente.

h) Os/as traballadores/as que se contraten deberán ser persoas desempregadas inscritas no Servizo Público de Emprego.



Este requisito deberá cumprirse tanto no momento da selección como no da formalización do correspondente contrato.

Así mesmo deberán figurar na listaxe de candidatos remitida pola Oficina de Emprego de Burela (Lugo).

Os requisitos citados deberán reunirse con referencia ó derradeiro día do prazo de presentación de instancias, debendo continuar en posesión dos mesmos durante todo o proceso selectivo.

5ª. - FORMA E PRAZO DE PRESENTACIÓN DE INSTANCIAS

1.- Os/as aspirantes previamente seleccionados/as polo Servizo Público de Emprego que desexen participar no proceso selectivo deberán facelo constar mediante instancia, na que manifesten que reúnen todos e cada un dos requisitos establecidos na base 4ª da convocatoria.

Os citados requisitos deberán reunirse con referencia ó derradeiro día do prazo de presentación de instancias, e será nula a formalización do contrato con aqueles aspirantes que estean incurso en causas de incapacidade recollidas na normativa vixente.

2.-As solicitudes dirixiranse ó Sr. Alcalde-Presidente da Corporación e presentaranse no Rexistro Xeral do Concello en horario de 9,00 a 14,00 horas. O prazo para a presentación de instancias e documentación anexa será de 2 días hábiles e iniciase o día fixado polo Servizo Público de Emprego na comunicación/carta remitida para presentación no Concello.

6ª.- DOCUMENTACIÓN QUE DEBERÁ ACOMPAÑAR NECESARIAMENTE Á SOLICITUDE.

a) Fotocopia do DNI ou tarxeta acreditativa da súa identidade no caso de estranxeiros, debidamente compulsados por ambos os dous lados.

b).- Certificado expedido polo Director/a da Oficina do Servizo Público de Emprego da localidade onde estea inscrito como desempregado.

c).- Fotocopia compulsada da titulación esixida para presentarse ao proceso e do documento en vigor acreditativo de estar inscrito no Rexistro Profesional de Socorristas Acuáticos de Galicia .

d) .-Declaración xurada de non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas, nin atoparse inhabilitado para o exercicio das funcións públicas.

e).- Documentos xustificativos dos méritos alegados, debidamente compulsados.

A non acreditación dos méritos alegados conforme se fixa na Base 10ª determinará que estes non serán tidos en conta polo Tribunal nin se valorarán aínda que se acrediten fora do prazo de presentación de instancias xa que non poderá subsanarse. Tampouco se requirirá aos interesados para que os acrediten.



Coa presentación da instancia para tomar parte no proceso selectivo entenderase que os interesados aceptan e acatan todas e cada unha das bases desta convocatoria.

7ª.- ADMISIÓN DE ASPIRANTES.

Rematado o prazo de presentación de instancias, a Alcaldía ditará resolución aprobando a lista provisional de aspirantes admitidos/as e excluídos/as (neste caso con indicación das causas que dean lugar á exclusión), que se fará pública no Taboleiro de Edictos do Concello, exclusivamente.

Ademais, en dita resolución fixaranse os titulares e os suplentes que conformarán o Tribunal Cualificador.

Figurar na relación de admitidos non suporá que se lles recoñeza aos/ás aspirantes estar en posesión dos requisitos esixidos nos procedementos que se convocan. Cando da documentación que debe presentarse logo de ter superado o procedemento de selección se desprenda que non posúen algún dos requisitos, os/as interesados/as decaerán en tódolos dereitos que se puidesen derivar da súa participación nos procedementos de selección correspondentes.

Concederase un prazo improrrogable de 1 día hábil para reclamacións á lista provisional e emenda de defectos, a contar dende o seguinte ao da súa publicación no Taboleiro de Edictos do Concello. Para os efectos de axilizar o procedemento, de non presentarse reclamacións dentro do prazo establecido a resolución de admitidos/as e excluídos/as poderase entender elevada a definitiva.

As reclamacións sobre as exclusións provisionais serán aceptadas ou rexeitadas na resolución pola que se aprobe a lista definitiva, que se fará pública da mesma maneira que a provisional. De non existir aspirantes excluídos/as o Alcalde poderá elevar a definitiva a lista provisional na mesma resolución de aprobación.

O prazo de emenda non é de aplicación respecto dos méritos alegados pero non aportados. Os erros de feito poderanse emendar en calquera momento, de oficio ou por pedimento dos interesados, de acordo co disposto no artigo 109.2 da Lei 39/2015.

8ª. -TRIBUNAL DE SELECCIÓN.

O tribunal cualificador estará composto por un/unha presidente/a e catro vocais, empregados públicos entre os/as que non se incluírán persoal de elección ou de designación política, persoal funcionario interino ou laboral temporal ou persoal eventual nin as persoas que nos cinco anos anteriores á publicación da convocatoria realizan tarefas de preparación de aspirantes a probas selectivas ou colaborasen durante ese período con centros de preparación de opositores.

Actuará como Secretario o da Corporación ou funcionario en quen delegue, con voz e sen voto.

A pertenza aos órganos de selección será sempre a título individual, no podendo ostentarse esta en representación o por conta de ningún.

Os membros do Tribunal deben pertencer a un corpo, escala ou categoría profesional para o ingreso no cal se requirise un nivel igual ou superior de titulación ao esixido para participar neste proceso selectivo.



A Resolución pola que se aprobe a lista provisional de aspirantes admitidos e excluídos coa designación dos membros do Tribunal que incluírá os seus respectivos suplentes, farase pública no taboleiro de anuncios do Concello a efectos de recusación.

O Tribunal non poderá constituírse nin actuar sen a asistencia de polo menos tres dos seus membros, xa sexan titulares ou suplentes, e en todo caso requírese a asistencia do Presidente e do Secretario ou dos seus suplentes.

Os membros do Tribunal deberán absterse de intervir notificándoo ao Sr. Alcalde cando concorran neles algunha das circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

O Presidente poderá requirir aos membros do mesmo declaración expresa de non atoparse incurso en causa de abstención. Así mesmo os aspirantes poderán recusar aos membros do Tribunal cando concorran as circunstancias previstas no parágrafo anterior.

Os membros do Tribunal son persoalmente responsables do cumprimento das bases da convocatoria e da suxeición aos prazos establecidos para a realización e valoración das probas e para a publicación dos seus resultados.

O Tribunal resolverá todas as dúbidas e propostas que xurdan para aplicación das normas contidas nas presentes bases e estará facultado para resolver as cuestións que se poidan suscitar durante a realización das probas, así como adoptar as medidas necesarias que garantan a debida orde naquelas en todo o que non estea previsto nas bases.

9ª. - SISTEMA DE SELECCIÓN

O procedemento de selección constará das seguintes fases:

A).- CONCURSO: Cualificaranse os seguintes méritos:

1.- Formación:

- Licenciatura en Educación Física: 2 puntos
- Diplomatura en Educación Física: 1,5 puntos
- Formación Profesional en Educación física: 1 punto
- Diplomatura en Enfermería ou equivalente: 1 punto

So se puntuará o título ou títulos de maior nivel dentro da mesma familia profesional, entendéndose comprendidas no mesmo aquelas titulacións necesariamente previas para a obtención do de nivel superior.

-Por asistencia a cursos de socorrismo acuático, salvamento , natación, submarinismo, primeiros auxilios ou similares relacionados coas funcións propias do posto de unha duración mínima de 10 horas: 0,50 por curso, ata un máximo de 3,50 puntos .

2.- Coñecemento da lingua galega:

- Celga 3, Curso de iniciación ou equivalente: 0,25 puntos.

Concello de Burela

Rúa Eijo Garay, 20, Burela. 27880 (Lugo). Tfno. 982586000. Fax: 982585945



- Celga 4, Curso de perfeccionamento ou equivalente: 0,50 puntos

En caso de acreditar máis dun grao de coñecemento, só se computará o de maior puntuación.

3.- Cursos de prevención de riscos laborais, ata un máximo de 1 punto:

- Ata 50 horas (equivalente o curso "on line" de 60 horas): 0,25 puntos
- de 51 a 300 horas: 0,5 puntos
- máis de 300 horas: 1 punto

Ningún mérito poderase utilizar para puntuar en máis dun apartado.

B).- ENTREVISTA:

Levarase a cabo unha entrevista persoal para valorar a adecuación persoal e profesional do aspirante ás esixencias do posto a desempeñar. Puntuarase de 0 a 3 puntos.

A entrevista será obrigatoria, sendo eliminados do proceso selectivo aqueles aspirantes que non se presenten a súa realización.

10ª.-FORMA DE ACREDITAR OS MÉRITOS

9.1. Titulacións académicas: copia compulsada do documento acreditativo de posuír a titulación correspondente ou certificación académica dos estudos realizados.

9.2. Os cursos acreditaranse mediante copia compulsada do correspondente diploma no que debe constar a duración do curso en horas e como mínimo o título do mesmo, ou ben certificación expedida polo organismo que o impartiu no que se fagan constar os mesmos datos.

Non se valorarán os cursos que non acrediten as datas de realización e as horas de duración nin os cursos que a xuízo do Tribunal non estean debidamente acreditados ou non teñan relación coas funcións do posto.

11ª.- LUGAR, DATA E CELEBRACIÓN DA FASE DE ENTREVISTA.

A data e hora de celebración da entrevista determinarase polo Tribunal unha vez que remate o prazo de presentación de instancias, facéndose público no mesmo anuncio que a lista provisional de admitidos ao proceso.

12ª.- CUALIFICACIÓN FINAL.

A cualificación final das probas virá determinada pola suma das puntuacións obtidas nas distintas fases do proceso, establecendo para estes efectos a orde definitiva de aspirantes seleccionados.

En caso de empate na puntuación final, o desempate resolverase a favor do aspirante que obtivese maior puntuación na fase de concurso. De non ser iso suficiente, pola puntuación obtida no apartado 1 da base 9ª.A).



O Tribunal establecerá unha lista de reserva cos aspirantes que teñan superado o proceso e por rigoroso orde de puntuación, para cubrir as vacantes que se poidan producir antes da sinatura ou durante o prazo de duración do contrato. En caso de empate terán preferencia os/as aspirantes que obtiveran maior puntuación na fase primeira de valoración de méritos.

O Presidente do Tribunal, á vista da lista de aspirantes seleccionados, formulará proposta de selección ante o Sr. Alcalde-Presidente, sen que esta poida superar o número de prazas convocadas.

As propostas de selección que contraveñan este límite serán nulas de pleno dereito.

13ª.-PRESENTACIÓN DE DOCUMENTACIÓN.

Os/as aspirantes propostos/as presentarán con anterioridade á sinatura do contrato:

-Certificado ou informe médico acreditativo de posuír a capacidade funcional para o desenvolvemento das tarefas habituais da praza á que se aspira, e no que se fará constar que non se padece enfermidade ou limitación física ou psíquica incompatible coas funcións do posto.

-Fotocopia da tarxeta de demanda de emprego actualizada, fotocopia da tarxeta da seguridade social e certificación do número de conta bancaria.

Se o/a aspirante non presentase a documentación ou do exame da mesma se infira que carece dalgún dos requisitos relacionados na Base 4ª, non poderá ser contratado e perderá tódolos seus dereitos, sen prexuízo das responsabilidades en que houbese podido incurrir.

14ª.- RESOLUCIÓN E CONTRATACIÓN .

Á vista da proposta do Tribunal e constatado que os/as aspirantes acreditaron os requisitos esixidos para acceder a praza que se convoca, o Alcalde resolverá o procedemento selectivo decidindo a contratación como persoal laboral con contrato temporal.

Ata que non se formalice o contrato, o/a aspirante proposto/a non terá dereito a percibir cantidade económica algunha.

15ª.- DEREITO SUPLETORIO E XURISDICIÓN.

No non sinalado nas presentes bases, estarase ao establecido na normativa básica sobre selección de persoal ao servizo da Administración Local e demais normas que resulten de aplicación, estándose aos órganos competentes da Xurisdición Contencioso-Administrativa para dirimir as controversias que se produzan na aplicación destas.

16ª.- RECURSOS.

Contra a resolución pola que se aproban as bases desta convocatoria, que é definitiva en vía administrativa, poderán os/as interesados/as interpoñer potestativamente recurso de reposición ante o Sr. Alcalde-Presidente do Concello de Burela, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación segundo o previsto



nestas bases ou directamente recurso contencioso administrativo, ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses e na forma prevista na Lexislación reguladora de dita Xurisdición, sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro que estime procedente.

17ª.- DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

Os/as interesados/as autorizan ao Concello de Burela á publicación no taboleiro de edictos e na sede electrónica do Concello dos datos persoais que consten no expediente da selección e que sexa necesario publicalos de conformidade con estas bases. A presentación da documentación requirida para participar no proceso de selección presumirá o consentimento para publicar a información nos termos indicados.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE Á MARXE